

DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente núm. 2025/G012/000008

Expediente núm. 2025/G003/001145

Asunto: Fixación orde día sesión ordinaria e urxente da Comisión Informativa Especial de Contas e Facenda

Motivación celebración sesión ordinaria e urxente: Resultando necesario o pronunciamento da Comisión sobre o asunto que figura na orde do día e non sendo posible convocala con anterioridade.

Enterado da relación de expedientes.

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a **sesión ordinaria e urxente da COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E FACENDA**, o día **21 DE XULLO 2025 (luns)**, ás **14:00 horas (dúas do serán)** no **Salón de Plenos da Casa do Concello** en primeira convocatoria e de non haber “quorum” suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois.

ORDE DO DÍA

1	RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA
2	Expediente: 2025/G016/000001 Procedemento: G016 Modificación de ordenanzas fiscais Asunto: Modificación e redacción íntegra Ordenanza Fiscal num. 6 Reguladora da taxa pola prestación do Servizo de Escola Infantil Municipal Trámite: Proposta de resolución Concello-Pleno

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros titulares da comisión informativa facendo efectiva esta resolución. Os membros titulares da mesma, xunto cos correspondentes suplentes, son os que se recollen na seguinte táboa:

TITULAR	SUPLENTE	GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL
PRESIDENTE: ALBERTO ROMAR LANDEIRA	NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE
CARLOS TURNES ROMERO	SALOMÉ BUSTELO LÓPEZ	PSdeG-PSOE
PABLO NEGREIRA SOUTO	PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	SILVIA CANCELA BLANCO	PP
	FERNANDO BAÑA DOMÍNGUEZ	PP

Terceiro.-Os membros titulares da comisión informativa, que de seguido se relacionan, quedan notificado/s coa sinatura/remisión da notificación do presente decreto:

TITULAR	GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL	
PRESIDENTE: ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDO POR CORREO ELECTRÓNICO
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
FERNANDO BAÑA DOMÍNGUEZ (Suplente)	PP	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura electrónica

O alcalde

Alberto Romar Landeira

Dou fe, a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada